

INTERVENCIÓN PRECOZ EN PSICOSE

Entidade executante

Asociación DOA Saúde Mental (<http://www.asodoa.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese no concello de Vigo

Persoas destinatarias

Persoas con idades comprendidas entre os 16 e los 25 anos que estean no período crítico de ata un máximo de 5 anos tras o inicio da psicose . Persoas que tiveron un primeiro episodio de psicose e están dentro dos 5 primeiros de evolución da enfermidade.

O programa está dirixido a un número de 10 persoas.

Obxectivos

Xeral: Mellorar os síntomas do trastorno e recuperar a funcionalidade da persoa, promovendo activamente a recuperación das habilidades, da autonomía e dos roles sociais, instaurando as intervencións mais axeitadas para cada persoa e en cada situación.

Específicos:

Evitar o deterioro biolóxico, social e psicolóxico que, polo xeral se pode producir nos anos seguintes á aparición da sintomatoloxía prodrómica.

Apoiar á persoa ante as experiencias da psicose e ante o estigma.

Establecer un vínculo entre profesional e persoas atendidas, evitando intervencións intrusivas e promovendo o empoderamento.

Diminuír a comorbilidade que adoita estar presente en estas primeiras fases (abuso de substancias tóxicas, depresión, evitación social, ansiedade e estrés, entre outros).

Reducir as recaídas e os ingresos hospitalarios.

Mellorar as relacións interpersonais que poden ter sido un factor de risco e poden ter empeorado ao verse interrompidas tras o diagnóstico.

Metodoloxía

Instaurar as intervencións máis axeitadas para cada persoa e en cada situación.